

Ademais, debería indicarse, se o dato se coñece e é pertinente, o número de persoas, dentro de cada unha das mencionadas categorías, cuxa vivenda dispón de:

Illamento especial contra o ruído correspondente, segundo a definición do punto 1.5.

Unha fachada tranquila, segundo a definición do punto 1.5.

2.6 O número total estimado de persoas, expresado en centenas, fóra das aglomeracións cuxas vivendas están expostas a cada un dos rangos seguintes de valores de  $L_{den}$  en dB(A), a unha altura de 4 m sobre o nivel do chan e na fachada máis exposta: 50-54, 55-59, 60-64, 65-69, >70. Estes datos poderanse avaliar así mesmo para o rango 45-49, antes do 18 de xullo de 2009.

Ademais, debería indicarse, se o dato se coñece e é pertinente, o número de persoas dentro desas categorías cuxa vivenda dispón de:

Illamento especial contra o ruído correspondente, segundo a definición do punto 1.5.

Unha fachada tranquila, segundo a definición do punto 1.5.

2.7 A superficie total, en km<sup>2</sup>, exposta a valores de  $L_{den}$  superiores a 55, 65 e 75 dB, respectivamente.

Indicarse, ademais, o número total estimado de vivendas, en centenas, e o número total estimado de persoas, en centenas, que viven en cada unha das zonas. Nesas cifras incluíranse as aglomeracións.

As curvas de nivel correspondentes a 55 dB e a 65 dB figurarán tamén nun ou en varios mapas, que incluírán información sobre a localización das cidades, vilas e aglomeracións situadas dentro desas curvas.

2.8 Un resumo do plan de acción, dunha extensión non superior a 10 páxinas, que aborde os aspectos pertinentes indicados no anexo V.

## ANEXO VII

### Cráterios para a delimitación dunha aglomeración

#### 1. Determinación da aglomeración

a) A entidade territorial básica sobre a que se definirá unha aglomeración será o municipio. Non obstante, o ámbito territorial da aglomeración poderá ser inferior ao do municipio, por aplicación dos criterios que se describen na letra d).

b) Para os efectos da obriga de elaborar mapas estratéxicos do ruído, terase en conta única e exclusivamente o número de habitantes que integran a aglomeración. Este número será o dos habitantes de dereito conforme o último censo realizado antes do ano en que corresponda a comunicación ao Ministerio de Medio Ambiente da relación de aglomeracións sobre as cales deben realizarse este tipo de mapas.

Con obxecto de mellorar a protección da poboación nalgún lugar ou zona en que se producen variacións estacionais de importancia que fixesen aconsellable ter en conta a poboación transeúnte, a Comunidade Autónoma competente poderá incluír esta aglomeración urbana dentro da relación, tendo en conta a poboación de feito ou calquera método polo que se valore a poboación transeúnte, advertindo esta circunstancia, que será tomada en conta para a confección do mapa estratéxico de ruído correspondente.

c) As comunidades autónomas poderán establecer, por aplicación dos criterios que se describen na letra d), aglomeracións de ámbito supramunicipal.

d) Para determinar os sectores do territorio que constitúen unha aglomeración aplicaranse, polo menos, os criterios de densidade de poboación e proximidade seguintes:

Consideraranse todos aqueles sectores do territorio cuxa densidade de poboación sexa igual ou superior a 3.000 persoas por km<sup>2</sup>.

Para a estimación da densidade de poboación utilizaranse preferentemente os datos de poboación e extensión territorial das correspondentes seccións censuais.

Se existen dous ou máis sectores do territorio en que, ademais de se verificar a condición do punto anterior, se verifica que a distancia horizontal entre os seus dous puntos máis próximos sexa igual ou inferior a 500 m.

Se a suma dos habitantes comprendidos nos sectores do territorio que cumpren cos requisitos dos puntos anteriores é maior de 100.000, estes sectores do territorio constitúen unha aglomeración.

e) O tamaño, en número de habitantes, da aglomeración será a suma total dos habitantes comprendidos nos sectores do territorio que constitúen a aglomeración, por aplicación dos criterios descritos na letra d).

#### 2. Delimitación do ámbito territorial da aglomeración.

O ámbito territorial dunha aglomeración delimitarase trazando a liña poligonal cerrada que comprende todos os sectores do territorio que conforman a aglomeración

## MINISTERIO DE EDUCACIÓN E CIENCIA

**20881** *REAL DECRETO 1509/2005, do 16 de decembro, polo que se modifican o Real decreto 55/2005, do 21 de xaneiro, polo que se establece a estrutura das ensinanzas universitarias e se regulan os estudos universitarios oficiais de grao e o Real decreto 56/2005, do 21 de xaneiro, polo que se regulan os estudos universitarios oficiais de posgrao. («BOE» 303, do 20-12-2005.)*

Coa publicación dos reais decretos 55/2005, do 21 de xaneiro, polo que se establece a estrutura das ensinanzas universitarias e se regulan os estudos universitarios oficiais de grao e 56/2005, do 21 de xaneiro, polo que se regulan os estudos universitarios oficiais de posgrao, iniciase a transformación das ensinanzas universitarias oficiais nun proceso que está previsto que se desenvolva de modo progresivo ata o ano 2010.

O Goberno da Comunidade Autónoma de Cataluña, na súa sesión do 15 de marzo de 2005 tomou, entre outros, os acordos de lle dirixir ao Goberno do Estado senllos requirimentos de incompetencia contra os reais decretos 55/2005, do 21 de xaneiro, polo que se establece a estrutura das ensinanzas universitarias e se regulan os estudos universitarios oficiais de grao e 56/2005, do 21 de xaneiro, polo que se regulan os estudos universitarios oficiais de posgrao, por considerar que tanto a disposición derradeira primeira do Real decreto 55/2005, do 21 de xaneiro, coma os artigos 5 e 6 do Real decreto 56/2005, do 21 de xaneiro, vulneran as competencias da dita comunidade autónoma en materia de educación.

Respecto da primeira norma citada, o requirimento de incompetencia concrétese en solicitar do Goberno do Estado que adopte o acordo de derogar a disposición derradeira primeira do Real decreto 55/2005, do 21 de xaneiro, ou, subsidiariamente, dea nova redacción ao punto 2 do artigo 6 do Real decreto 49/2004, do 19 de xaneiro, sobre homologación de plans de estudos e títu-

los de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional modificado pola citada disposición derradeira primeira do Real decreto 55/2005, do 21 de xaneiro, no sentido de que se substitúa o trámite de comunicación á comunidade autónoma da modificación do plan de estudos previsto na nova redacción do artigo 6, polo de informe favorable desta, previo á comunicación ao Consello de Coordinación Universitaria.

Polo que se refire á segunda das normas anteriormente citadas, o requirimento de incompetencia concrétese en solicitar do Goberno do Estado que adopte o acordo de derogar os artigos 5 e 6 do Real decreto 56/2005, do 21 de xaneiro, ou, subsidiariamente, lles dea nova redacción a estes.

En relación co anterior entende o Goberno da comunidade autónoma que o citado artigo 5 do Real decreto 56/2005, do 21 de xaneiro, vulnera as súas competencias na medida en que o citado precepto non reconece a competencia da comunidade autónoma para implantar os estudos de posgrao.

Ademais o Goberno da Comunidade Autónoma de Cataluña considera que o artigo 6 do Real decreto 56/2005, do 21 de xaneiro, vulnerou as súas competencias na medida en que lle atribúe á Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación, en colaboración coas comunidades autónomas, funcións de avaliación que non lle corresponden, e que articulan o proceso de avaliación pola citada axencia.

En contestación aos citados requirimentos, o Consello de Ministros, na súa reunión do día 22 de abril de 2005, adoptou senllos acordos polos que, respectivamente, se compromete a dar nova redacción á disposición derradeira primeira do Real decreto 55/2005, do 21 de xaneiro, e aos artigos 5 e 6.1 do Real decreto 56/2005, do 21 de xaneiro, o que se leva a efecto nesta norma.

Por outra banda, verificouse a existencia dun erro de redacción contido na disposición adicional oitava do Real decreto 56/2005, do 21 de xaneiro, que na súa primeira liña se refire aos «títulos estranxeiros de doutor», cando en realidade debería dicir «os títulos estranxeiros de posgrao», polo que se procede a operar a correspondente modificación.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Educación e Ciencia, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación de Consello de Ministros na súa reunión do día 16 de decembro de 2005,

#### DISPÓN O:

**Artigo 1.** *Modificación da disposición derradeira primeira do Real decreto 55/2005, do 21 de xaneiro, polo que se establece a estrutura das ensinanzas universitarias e se regulan os estudos universitarios oficiais de grao.*

O punto 2 do artigo 6 do Real decreto 49/2004, do 19 de xaneiro, sobre homologación de plans de estudos e títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, que foi modificado pola disposición derradeira primeira do Real decreto 55/2005, do 21 de xaneiro, queda redactado como segue:

«2. Se a modificación afecta un número igual ou inferior ao 10 por cento dos créditos a que se refire o punto anterior, deberá ter informe favorable da comunidade autónoma e, posteriormente, ser comunicada ao Consello de Coordinación Universitaria, con carácter previo á súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», para os efectos de que a Secretaría Xeral do citado consello proceda á comprobación da súa correspondencia coas directrices xerais comúns e propias do correspondente título.

Se a modificación só afecta contidos establecidos discrecionalmente pola universidade deberá ser comunicada ao Consello de Coordinación Universitaria, para os efectos previstos no parágrafo anterior. A Secretaría Xeral do consello comunicará as ditas modificacións á respectiva comunidade autónoma, así como ao órgano competente do Ministerio de Educación e Ciencia.»

**Artigo 2.** *Modificación dos artigos 5, 6.1 e punto 1 da disposición adicional oitava do Real decreto 56/2005, do 21 de xaneiro, polo que se regulan os estudos universitarios oficiais de grao.*

Un. O artigo 5 do Real decreto 56/2005, do 21 de xaneiro, polo que se regulan os estudos universitarios oficiais de posgrao, queda redactado como segue:

«Artigo 5. *Aprobación de programas de posgrao.*

1. A implantación dos programas oficiais de posgrao será acordada pola comunidade autónoma correspondente, de acordo co que establece o artigo 8.2 da Lei orgánica de universidades.

2. Do acordado no parágrafo anterior, as comunidades autónomas informarán o Consello de Coordinación Universitaria antes do 15 de febreiro de cada ano respecto dos programas de posgrao de nova implantación para o curso académico seguinte. Os ditos programas e os seus correspondentes títulos serán publicados no «Boletín Oficial del Estado».

3. A impartición dos estudos conducentes a títulos oficiais de mestrado a que se refire o artigo 8.3 deste real decreto requirirá a previa homologación polo Consello de Coordinación Universitaria.»

Dous. O artigo 6.1 do Real decreto 56/2005, do 21 de xaneiro, polo que se regulan os estudos universitarios oficiais de posgrao, queda redactado como segue:

«Artigo 6. *Avaliación dos programas de posgrao.*

1. Unha vez implantados, os programas conducentes á obtención dos títulos de mestrado ou doutor serán avaliados pola Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación, ou polos órganos de avaliación que as comunidades autónomas determinen.»

Tres. O punto 1 da disposición adicional oitava 1 do Real decreto 56/2005, do 21 de xaneiro, polo que se regulan os estudos universitarios oficiais de posgrao, queda redactado como segue:

«Disposición adicional oitava. Réximes específicos.

1. Os títulos estranxeiros de posgrao poderán ser equivalentes para os efectos parciais ou totais ao correspondente español, cando así se estableza de modo expreso en acordos ou convenios internacionais de carácter bilateral ou multilateral en que o Estado español sexa parte.»

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.30.<sup>a</sup> da Constitución española e en uso da autorización outorgada ao Goberno polo artigo 88.2 e disposición derradeira terceira da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e é de aplicación en todo o territorio nacional.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 16 de decembro de 2005.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Educación e Ciencia,

MARÍA JESÚS SAN SEGUNDO GÓMEZ DE CADIÑANOS

## MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

**20974** *ORDE EHA/3987/2005, do 15 de decembro, pola que se desenvolve parcialmente o Regulamento xeral de desenvolvemento da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, en materia de revisión en vía administrativa, aprobado polo Real decreto 520/2005, do 13 de maio, sobre requisitos de suficiencia de determinadas garantías achegadas para obter a suspensión da execución dos actos impugnados. («BOE» 304, do 21-12-2005.)*

Mediante esta orde régulanse os requisitos de suficiencia que deben concorrer nos seguros de caución e na fianza persoal e solidaria doutros contribuíntes para poderen ser achegados como garantía para obter a suspensión da execución dos actos impugnados.

En canto ás cláusulas do seguro de caución, a Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, nos seus artigos 224.2.b e 233.2.b limitase a establecer a admisibilidade desta modalidade de garantía, sen establecer as condicións ás cales se debe suxeitar. Tampouco esta figura está regulada con carácter xeral no noso dereito mercantil. Non obstante, considérase necesario establecer as determinacións que deben conter os seguros de caución que vaian servir como garantía para a suspensión da execución de actos impugnados. Estas determinacións coinciden, ademais, coas previstas en materia de contratos das administracións públicas (que tamén permite que as garantías dos contratos administrativos se constituán nesta modalidade).

Respecto aos requisitos de admisión da fianza persoal e solidaria, trátase unicamente de concretar cando se entende que os fiadores son contribuíntes de notoria solvencia (tal como exixen os artigos 224.2.c e 233.2.c da Lei 58/2003), é dicir, cando mediante esta garantía, que repousa exclusivamente sobre a solvencia dun terceiro que non é unha entidade de crédito, están salvagardados os intereses da Facenda Pública. Para iso acódesse a dous criterios: en primeiro lugar, que a débeda non supere os 1.500 euros; en segundo termo, que os fiadores estean ao día das súas obrigas tributarias. Ademais, recóllese a renuncia aos beneficios de excusión e división, consecuencia do carácter solidario da fianza.

A disposición derradeira única do Regulamento xeral de desenvolvemento da Lei 58/2003, do 17 de decembro, en materia de revisión en vía administrativa, aprobado polo Real decreto 520/2005, do 13 de maio, autoriza o ministro de Economía e Facenda para ditar as disposi-

cións necesarias para o desenvolvemento e execución do citado regulamento.

Na súa virtude, dispoño:

**Artigo único.** *Requisitos de suficiencia de determinadas garantías achegadas para obter a suspensión da execución de actos impugnados en vía administrativa.*

1. Cando a garantía consista nun certificado de seguro de caución, a condición de asegurador deberá recaer nunha entidade en activo e debidamente autorizada pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións para operar en España no ramo do seguro de caución.

1.1 No certificado que achegue o interesado deberán constar, como mínimo, os seguintes datos:

- a) Identificación completa da entidade aseguradora.
- b) Indicación de que a condición de asegurado a posúe a Administración competente para suspender a execución dos actos impugnados.
- c) Identificación completa da persoa ou entidade que posúe a condición de tomador do seguro.
- d) As indicacións que, como mínimo, deberán constar no contrato de seguro e que se mencionan no punto 1.2 seguinte.

1.2 Nas cláusulas do contrato, sen prexuízo do establecido no artigo 8 da Lei 50/1980, do 8 de outubro, do contrato de seguro, deberán constar, como mínimo, as seguintes indicacións:

- a) Non se lle poderá opoñer ao asegurado ningunha excepción derivada da relación do asegurador co tomador do seguro, nin sequera o non-pagamento da prima.
- b) O asegurador comprométese a indemnizar o asegurado ao primeiro requirimento e acepta a execución da garantía polo procedemento administrativo de constrinximento.
- c) A vixencia do contrato manterase ata a data en que a Administración autorice a súa cancelación. Para o caso de que o devandito prazo fose exceder os 10 anos, o tomador do seguro e o asegurador deberán estipular no propio contrato de seguro que antes de que transcorra o citado prazo estipularán a prórroga automática do contrato de seguro, por prazos sucesivos dun ano durante o tempo que fose preciso para manter a vixencia da garantía.
- d) O importe máximo do cal responde o asegurador.

Para admitir a súa validez e vixencia poderase solicitar do servizo xurídico competente a verificación de suficiencia dos poderes da persoa que actúe en representación do asegurador.

2. Cando a garantía consista nunha fianza persoal e solidaria doutros contribuíntes, a súa admisión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións:

- a) O importe da débeda suspendida non poderá exceder os 1.500 euros.
- b) A condición de fiador deberá recaer en dúas persoas físicas ou xurídicas que non teñan a condición de interesados no procedemento recadatorio cuxa suspensión se solicita que, conforme os datos de que dispoña o órgano competente para suspender, estean ao día das súas obrigas tributarias e presenten unha situación económica que lles permita asumir o pagamento da débeda suspendida.
- c) O documento que se achegue indicará o carácter solidario dos fiadores con expresa renuncia aos beneficios de división e excusión.